

# Benqueridos Insectos

Marilar Jiménez Aleixandre  
Universidade de Santiago de  
Compostela

[marilarj.aleixandre@usc.es](mailto:marilarj.aleixandre@usc.es)

[www.rodasc.eu](http://www.rodasc.eu)

(fotos miñas se non se indica outra cousa)



Para as maceiras daren froito



# Por que necesitamos dos insectos?

Benquerida abelliña, sen ti as maceiras non darían froito

benqueridos escaravellos, que volvedes á terra os restos do que foron seres vivos

e a cascarrubia que coida das roseiras

e a colonia das cen mil formigas falando cunha soa voz

Ás veces comémosvos, pois tamén comemos o que amamos.

## As maceiras precisan das abellas

As maceiras, como outras árbores e plantas precisan as abellas as polinizaren

Canto pole pode levar unha abella dunha flor a outra?



# A abella pode transportar o seu propio peso

As abellas poden transportar o seu propio peso dunha flor a outra

Voando!

Levan pole prendido nas patas e máis néctar

Abella libando na flor do toxo en Teo (foto Xan de Ningures)




# As abellas viven nas colmeas en entenas

Co néctar fabrican  
o mel

As abellas son  
insectos sociais, a  
abella mestra (máis  
grande) pon ovos,  
as obreiras fan mel  
e con cera  
constrúen entenas

Abella mestra rodeada de  
obreiras (foto Waugsberg)  
Entena co mel (foto M.  
Erdal)



# Nosoutras as formigas

Somos a raíña da selva,  
somos unha e somos  
moitas, somos a colonia

Nun formigueiro podemos  
ser duascentas mil, un  
millón ou cinco millóns

Unha a unha somos  
pequenas. Na colonia  
somos invencibles

(Robinson contado polas  
alimarias, M. Aleixandre)



Formigueiro en Itacaré, Brasil  
(Marilar)

# Unha ponte viva de formigas

Cando precisamos cruzar dunha árbore a outra, por riba dun río, as formigas cortadeiras tendemos unha ponte **cos nosos propios corpos**



Somos portada da revista **Science**



# Comendo insectos: Escamoles

Os insectos son un alimento moi nutritivo: moitas proteínas e poucas graxas.

Os **escamoles**, do náhuatl 'azcatl' (formiga) e 'mol' (guiso) son as larvas dun tipo de formiga. Moi saborosos, son chamados o 'caviar mexicano'.

Eu cominos fritos con cebola, e pemento. Parécense ás ovas de pescada.

(Escamoles, foto: gastronomía mexicana)



# Comendo insectos: Chapulín

Os grilos e saltóns son comidos en moitos países: ás veces en Galicia as súas patas. En Asia cómense ao espeto.

En México os grilos son chamados **chapulines**, do náhuatl 'chapa' (chimpar) e 'olli' (hule ou caucho). Fritidos están moi ricos. Saben como os camaróns.



# Comendo insectos: 'vermes' do maguey

En moitos países de América cómense larvas de escaravellos ou bolboretas, que se alimentan de plantas e saben á planta (coco, palmito, cactus)

En México os **vermes do maguey**, son as larvas dunha bolboreta. Rustridos están deliciosos.


Poden ter até o 80% de proteínas e tamén aportan vitaminas e minerais



# Comendo insectos: os macacos

Este macaco, na Amazonia peruana, come unha rica eiruga, pois é un dos alimentos máis nutritivos que pode encontrar na selva

(Foto, Ramón Facal)



# Os insectos son tamén beneficiosos para



**Controlar plagas**, como a cascarrubia (xoaniña) que come os pulgóns das roseiras  
(foto Francesc Pastor)

**Colaborar na descomposición dos restos**, como a vacaloura (ou escornabois). A súa larva come a madeira podre. En Galicia está en perigo de desaparición  
(foto Sindo Mosteiro)



# Os insectos son fermosos



Libélula, escaravello  
verde, fotos: L.M.  
Bugallo  
Bolboretas, fotos: J.  
L. Cernadas)  
Escaravello xigante,  
foto: Marilar

# Os insectos camúflanse moi ben



**Insecto-pao**, na Amazonia peruana  
(foto Ramón Facal)

Abaixo, insecto folla,  
Perú  
(foto Ramón Facal)



Ao acougo da flor reproduz-se





# Algúns experimentan metamorfoses extraordinarias



Eiruga verde (Macaón), foto:  
L.M. Bugallo

Bicho da seda comendo, foto: J.  
Díaz de Bustamante)

Eirugas da seda, foto: Marité  
García Quintas

# En resumo: mirade polos insectos

Os insectos son o grupo máis numeroso de animais: **200 millóns** por cada ser humano e variado: **un millón de especies** coñecidas e uns dez por descubrir.

Hai insectos nocivos? Si, mais é mellor combatilos por medios biolóxicos

**Necesítámoslos para os ecosistemas: sen eles non poderíamos vivir!**

(foto abellón: L.M. Bugallo)



# Coidade os insectos!

## Grazas!

- [marilarj.aleixandre@usc.es](mailto:marilarj.aleixandre@usc.es)
- Páxina do proxecto RODA:  
[www.rodasc.eu](http://www.rodasc.eu)